

OS ANOS MÁIS FERMOSOS DUNHA VIDA

Claude Lelouch, 2019

591

ESTREA EN NUMAX: 13.09.2019 | V.O.S.E. | TP

Les plus belles années d'une vie (2018, 90')

Dirección: Claude Lelouch

Guión: Claude Lelouch, Valérie Perrin

Elenco: Jean-Louis Trintignant, Anouk Aimée, Souad Amidou, Antoine Sire, Marianne Denicourt, Monica Bellucci, Tess Lauvergne

Son: Jean Gargonne

Montaxe: Stéphane Mazalaigue

Fotografía: Robert Alazraki

Dirección de arte: Florence Aillerie, Louis Duru

Vestuario: Christel Birot, Sonia Leval

Música: Calogero, Francis Lai

Produtora: Les Films 13 (Francia)

Distribuidora: Caramel Films

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Francés

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Une plus une, 2015

Un hombre y una mujer, 20 años después, 1986

Los unos y los otros, 1981

Otro hombre, otra mujer, 1977

La aventura es la aventura, 1972

La canalla, 1970

Un hombre y una mujer, 1966

SINOPSE

Un home e unha muller, hai anos, viviron unha historia de amor fulgurante, inesperada, atrapada nunha paréntese convertida nun mito. Na actualidade, el, antigo piloto de carreiras, pérdese un pouco polos camiños da súa memoria. O seu fillo entón tenta axudarlle a atopar a muller que seu pai non soubo gardar canda el, pero a quen rememora acotío... Secuela de *Un hombre y una mujer* (1966) que á súa vez tivo outra secuela 20 anos despois.

«Pura emoción,
amor e tenrura»

LE PARISIEN



OS ANOS MÁIS FERMOSES DUNHA VIDA

Claude Lelouch, 2019

★
EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Notas de intención

Por Claude Lelouch

Os anos máis fermosos dunha vida non é unha secuela. Sabía que o filme precisaba involucrar tamén a quen non vise *Un hombre y una mujer* (1966). Precisaba ter vida propia e ser independente. O filme retoma unha historia de amor que tivo lugar en 1966 e que deixa pegada indelébel na nosa memoria. É un filme sobre o rastro que deixamos nos demais. No primeiro flashback, Anouk Aimée envía un telegrama a Jean-Louis que di: «quérote». E esa declaración remata dando unha volta ás súas vidas. Todo comeza cun intre extraordinario no que unha muller ten a coraxe de dicir *quérote*. É o máis difícil que se pode dicir ao outro e, unha vez que o dixeches ou escoitaches, todo cobra sentido.

Durante a festa do 50 aniversario de *Un hombre y una mujer* vin que Jean-Louis e Anouk falaban entre eles. Pierre Barouh e Francis Lai tamén estaban alí. Todos rían e estaban a pasalo moi ben. Volvernos reunir foi marabilloso. Ese día comprendín o que facía que Anouk e Jean-Louis seguisen a ser tan especiais despois de todos estes anos. Pensei que sería fantástico volver reunilos como unha parella de mozos eternos que aínda non pronunciaran as súas derradeiras palabras, unhas palabras que ben podían ser as primeiras.

Á nosa idade podería facer que Anouk e Jean-Louis falasen con total liberdade.

Ao igual ca min, están no terceiro trimestre das súas vidas. Por fin podemos dicir o que pensamos de verdade, mentres que na vida diaria, un tende a moderar o que di.

Filmamos *Os anos máis fermosos dunha vida* en trece días, nunha carreira tola. Sabía que tiñamos que filmar lixeiros e capturar os intreos a medida que acontecían, en lugar de estancarnos nos ensaios ou desviarnos do camiño. Non quería prepararme antes de tempo. Anouk e Jean-Louis xa estaban inquedados de abondo. Abordei o filme como unha metáfora da existencia, atravesando a vida como atravesei París na miña curta *C'était un rendez-vous* en 1976, saltando os semáforos en vermello, asumindo todos os riscos, facendo fronte aos perigos e chegando ao outro lado... ou non. O éxito deste filme non dependía de que eu dirixise actores. Era algo máis. Era a vida mesma, e a vida agasallounos un grande espectáculo.

Ao final tiven a sorte extraordinaria de poder agardar 52 anos para facer este filme. As cousas boas succedenlle a quen sabe agardar. O sentimento de sorpresa e espontaneidade son fundamentais. Como se Anouk e Jean-Louis dixesen, «vémonos en Normandía tal día» e eu non tivese nada que ver. Logo da escena do reencontro, esa mesma sensación de espontaneidade é a que nos permitiu avanzar, como se a sorte estivese do noso carón. Se tivéssemos ensaiado de antemán, terían experimentado esas emocións antes de comezar a rodar. Sabía que tiña que capturalo todo día a día, tiña que exprimilos e non darlles a oportunidade de analizar ou intelectualizar as cousas.

Durante a montaxe, son a primeira persoa que ve os meus filmes. Cando vin o rostro de Jean-Louis por vez primeira cando a cámara deixa ver levemente, como se fose un recordo que sae á superficie, o rostro de Anouk que parecía estar pedida e lúcida á vez, comecei a chorar. As escenas do seu primeiro reencontro viñeron de súpeto á miña mente. Pasara máis de medio século.

Publicado en www.caramelfilms.es
Tradución: Xan Gómez Viñas

O director

Claude Lelouch (París, 1937) é un prolífico cineasta francés con máis de 60 filmes noutros tantos anos de carreira, iniciada en 1960 con *Le prope de l'homme*. A súa obra máis celebrada é, precisamente, *Un hombre y una mujer* (1966), gañadora da Palma de Ouro en Cannes e Oscar ao mellor filme estranxeiro cuxos protagonistas se encontran 52 anos máis tarde n'*Os anos máis fermosos dunha vida*. Outras obras salientábeis de Lelouch son *La aventura es la aventura* (1972) e *Los unos y los otros* (1980).

ALDARA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que
agardas para
abonarte?

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org



Se ti xa es de NUMAX
e queres compartilo,
fai unha foto co teu
abono e compártea.
#eusondenamax